Primeiros pasos

Aquí podes consultar de forma rápida as funcionalidades básicas de cada servizo.

Servizos

Vaultwarden (AGPLv3)

- Gardar contrasinais, credenciais de acceso, datos de tarxetas bancarias, notas, etc nunha *caixa forte* privada, con posibilidade de gardar arquivos adxuntos (ata 500MB) e podendo agrupar estas en carpetas.
- Crear organizacións e coleccións para compartir esta información de forma segura con outros contactos dentro da aplicación.
- Compartir de forma segura arquivos ou notas mediante unha ligazón con data de caducidade, con/sen contrasinal e con/sen limitación de visualizacións (ata 500MB).
- Usar un Autenticador TOTP para loguearse.
- Xerar contrasinais seguras únicas con lonxitude e regras personalizadas.
- Empregar a extensión oficial de Bitwarden no navegador web.
- Exportar unha copia de seguridade encriptada da *caixa forte*.

FileBrowser Quantum (Apache-2.0)

- Gardar arquivos de forma remota, podendo ter carpetas sincronizadas nos dispositivos locais.
- Compartir carpetas e/ou arquivos con terceiras partes mediante ligazón ou QR, con/sen permisos de edición, así como permitir só engadir arquivos.

Pingvin Share X (BSD 2-Clause License)

- Compartir mediante ligazón ou QR un lote de arquivos de ata 5GB durante un máximo de 3 días, con/sen contrasinal e con/sen limitación de visualizacións. O espazo de almacenamento total do servizo é compartido entre todas as contas, optimizando así o seu aproveitamento.
- Solicitar a entrega de arquivos mediante ligazón ou QR, coas limitacións xa comentadas.

FreshRSS (AGPLv3)

- Lector e agregador de feeds RSS

Forgejo (CC-BY-SA 4.0)

- Forja con control de versións Git

From:
https://wiki.nosanube.net/ - **nosanube**

Permanent link:
https://wiki.nosanube.net/doku.php?id=users:primeiros-pasos&rev=1790252052

Last update: **2026/09/24 14:14**